

Os traballos que obteñen produtos

As persoas realizamos traballos que se agrupan en tres sectores: **primario**, **secundario** e **terciario**.

Os traballos do sector primario

O **sector primario** agrupa as actividades que obteñen produtos que poden utilizarse directamente, como a froita, ou que se utilizan como materias primas para a industria, como o algodón na fabricación de teas.

As principais actividades do sector primario son a agricultura, a gandería, a pesca e a minaría. Estes traballos adóitanse realizar en zonas rurais.

A agricultura



A **agricultura** consiste en cultivar a terra para obter produtos vexetais. As persoas que cultivan a terra son os **agricultores**.

A gandería



A **gandería** é a cría de animais para obter produtos como carne, ovos, leite e coiro. As persoas que realizan esta actividade son os **gandeiros**.

A pesca



A **pesca** é a captura de peixes e moluscos das augas superficiais e mariñas. Os **marifeiros** e os **pescadores** capturan peixes con redes e canas.

A minaría



A **minaría** extrae da codia terrestre **rochas**, **minerais** e **metais** que se usan como materia prima para ser transformada pola industria en produtos elaborados.

No sector primario traballan poucas persoas. En España, son **4 de cada 100 persoas**, e na Unión Europea, 5 de cada 100.



➤ Contesta ás seguintes cuestións:

1. Como podemos obter os bens que necesitamos para vivir?

Podemos obter os bens que necesitamos para vivir grazas ao traballo

2. En cantos sectores podemos agrupar o traballo?

Os sectores nos que podemos agrupar o traballo son:

Sector primario.

Sector secundario.

Sector Terciario.

3. Que entendiches por sector primario?

O sector primario agrupa como actividades principais a agricultura, a gandería e a pesca e minaría. Estes traballos adoitan a realizarse en zonas rurais.

MOITO ÁNIMO QUE ESTADES A FACELO MOI BEN! PRONTO REGRESAREMOS ÁS AULAS E TODO VOLVERÁ A NORMALIDADE.

COIDÁDEVOS MOITO!

